

económica e de bases e coordinación xeral de sanidade, respectivamente, e de conformidade co artigo 40.2 da Lei 14/1986, do 25 de abril, xeral de sanidade.

Na súa tramitación, foi sometido a consulta das comunidades autónomas e déuselles audiencia ás asociacións de consumidores e usuarios e aos sectores afectados, e emitiu o seu informe preceptivo a Comisión Interministerial para a Ordenación Alimentaria.

Na súa virtude, por proposta dos ministros de Sanidade e Consumo, de Industria, Turismo e Comercio e de Agricultura, Pesca e Alimentación, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 30 de setembro de 2005,

DISPONGO:

Artigo único. *Suspensión temporal da aplicación de determinados ingredientes do anexo V da norma xeral de etiquetaxe, presentación e publicidade dos produtos alimenticios.*

Os ingredientes e substancias que figuran no anexo deste real decreto quedan excluídos con carácter provisional, ata o 25 de novembro de 2007, do anexo V da norma xeral de etiquetaxe, presentación e publicidade dos produtos alimenticios, aprobada polo Real decreto 1334/1999, do 31 de xullo.

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Este real decreto dítase ao abeiro do disposto no artigo 149.1.13.^a e 16.^a da Constitución, que lle atribúe ao Estado competencia exclusiva en materia de bases e coordinación da planificación xeral da actividade económica e de bases e coordinación xeral da sanidade, respectivamente, e de conformidade co artigo 40.2 da Lei 14/1986, do 25 de abril, xeral de sanidade.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 30 de setembro de 2005.

JUAN CARLOS R.

A vicepresidenta primeira do Goberno
e ministra da Presidencia,

MARÍA TERESA FERNÁNDEZ DE LA VEGA SANZ

ANEXO

Ingredientes	Produtos derivados excluídos provisionalmente
Cereais que conteñan glute.	Xaropes de glicosa a base de trigo, incluída a dextrosa (1). Maltodextrinas a base de trigo (1). Xaropes de glicosa a base de cebada. Cereais utilizados en destilados para bebidas espirituosas.
Ovos.	Lisozima (producida a partir de ovo) utilizada no viño. Albumina (producida a partir de ovo) utilizada como axente clarificante no viño e na sidra.
Peixe.	Xelatina de peixe utilizada como soporte de vitaminas e aromas. Xelatina de peixe ou ictiocola utilizada como axente clarificante na cervexa, na sidra e no viño.

Ingredientes	Produtos derivados excluídos provisionalmente
Soia.	Aceite e graxa de soia totalmente refinados (1). Tocoferois naturais mesturados (E306), D-alfa tocoferol natural, acetato de D-alfa tocoferol natural e succinato de D-alfa tocoferol natural derivados de soia. Fitosteróis e ésteres de fitosterol derivados de aceites vexetais de soia. Ésteres de fitostanol derivados de fitosteróis de aceite de soia.
Leite.	Soro utilizado en destilados para bebidas espirituosas. Lactitol. Produtos lácteos (caseína) utilizados como axentes clarificantes na sidra e no viño.
Froitos de casca.	Froitos de casca utilizados en destilados para bebidas espirituosas. Froitos de casca (amendoas e nozes) utilizados como aromatzantes en bebidas espirituosas.
Apio.	Aceite de folla e semente de apio. Oleorresina de semente de apio.
Mostaza	Aceite de mostaza. Aceite de semente de mostaza. Oleorresina de semente de mostaza.

(1) Aplícase tamén aos produtos derivados, na medida en que sexa improbable que os procesos a que se sometesen aumenten o nivel de alerxenicidade determinado pola Autoridade Europea de Seguridade Alimentaria para o produto de que derivan.

MINISTERIO DE ECONOMÍA E FACENDA

16482 *REAL DECRETO 1122/2005, do 26 de setembro, polo que se modifican o Regulamento do imposto sobre sociedades, aprobado polo Real decreto 1777/2004, do 30 de xullo, en relación coa cobertura do risco de crédito en entidades financeiras, e o Real decreto 1778/2004, do 30 de xullo, polo que se establecen obrigas de información respecto das participacións preferentes e outros instrumentos de débeda e de determinadas rendas obtidas por persoas físicas residentes na Unión Europea. («BOE» 239, do 6-10-2005.)*

O texto refundido da Lei do imposto sobre sociedades, aprobado polo Real decreto lexislativo 4/2004, do 5 de marzo, prevé no artigo 12 as correccións pola perda de valor dos elementos patrimoniais, e regula no seu número 2 a deducibilidade das dotacións para a cobertura do risco derivado das posibles insolvencias dos debedores, habilitando o Regulamento do imposto para

establecer as normas relativas ás circunstancias determinantes deste risco nas entidades financeiras e as concernentes ao importe das dotacións para a súa cobertura. De acordo con isto, o Regulamento do imposto sobre sociedades, aprobado polo Real decreto 1777/2004, do 30 de xullo, dedica o capítulo II do seu título I á provisión para insolvencias en entidades financeiras.

Esta regulación regulamentaria estaba baseada nas normas que, para a cobertura do risco de crédito, resultaban de aplicación ás entidades de crédito, en concreto, as contidas na Circular 4/1991, do 14 de xuño, do Banco de España, que regulaba as normas de contabilidade e modelos de estados financeiros das entidades de crédito, sen prexuízo de que se establecesen limitacións á dedución fiscal das coberturas contables resultantes de aplicar a dita circular.

A nova Circular 4/2004, do 22 de decembro, do Banco de España, sobre normas de información financeira pública e reservada e modelos de estados financeiros das entidades de crédito, entrou en vigor con efectos desde o 30 de xuño de 2005 no que se refire aos estados financeiros individuais, co obxecto de modificar o réxime contable das entidades de crédito españolas e adaptalo ao novo contorno contable derivado da adopción pola Unión Europea das Normas Internacionais de Información Financeira, polo que é de aplicación no exercicio de 2005 e seguintes e, por tanto, afecta o imposto sobre sociedades desde os períodos impositivos iniciados a partir do 1 de xaneiro de 2005. En consecuencia, faise necesaria unha revisión da regulación do Regulamento do imposto sobre sociedades, para adaptala ás novas normas contables sobre a cobertura do risco de crédito nas entidades financeiras.

En relación co risco de insolvencia, a Circular 4/1991, do 14 de xuño, distinguía, na súa norma décimo primeira, unha provisión específica, unha provisión xenérica (fondo de insolvencias para cubrir o risco crediticio) e unha provisión estatística (fondo para a cobertura estatística de insolvencias). A Circular 4/2004, do 22 de decembro, introduce un cambio substantivo na regulación das provisións, pero ao mesmo tempo, intenta manter un alto grao de continuidade coa Circular 4/1991, do 14 de xuño, tanto en canto aos obxectivos contables buscados, de correcta valoración das perdas nas carteiras de crédito, como aos de supervisión e prudencia. Así, o anexo IX da Circular 4/2004, do 22 de decembro, ao cal remite a súa norma vixésimo novena, propón dous tipos de provisións: a específica, que recolle a deterioración de activos identificados como danados, e a xenérica, que xira sobre toda a carteira de créditos, entendida non como na Circular 4/1991, do 14 de xuño, senón como unha provisión que reflicte a avaliación colectiva de deterioración por grupos de activos homoxéneos, cando este non pode ser identificado individualmente.

De acordo coa habilitación legal anteriormente referida, modifícase o Regulamento do imposto sobre sociedades para regular as novas circunstancias determinantes da dedución fiscal das coberturas de crédito, así como o seu importe.

As principais modificacións que este real decreto introduce no dito regulamento afectan o seu artigo 7, dedicado á cobertura do risco de crédito. Así, dentro do seu número 2, que contén algunhas excepcións á deducibilidade das dotacións correspondentes a perdas respecto de determinados créditos, modifícase a alínea b) para admitir a deducibilidade de todas as dotacións que se practicasen conforme o número 17.b) do anexo IX da Circular 4/2004, do 22 de decembro. Tamén neste número 2 se engade unha nova alínea g), polo que a actual alínea g) pasa a ser a alínea h), para introducir unha referencia a unha nova categoría de risco, o denominado subestándar, e establecer as condicións de deducibilidade das dotacións correspondentes a aquel. Así mesmo, modifícase o

número 3, con obxecto de establecer un novo criterio de deducibilidade fiscal para a nova provisión xenérica, incorporando un límite cuantitativo para ela. Por último, derróganse os artigos 8 e 9 do Regulamento do imposto sobre sociedades por canto regulan materias nas cales se aplica directamente a norma contable.

Por outra parte, considerando a habilitación legal prevista no artigo 93 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, que constitúe o marco normativo que configura a obriga de lle facilitar información á Administración Tributaria, modifícase o Real decreto 1778/2004, do 30 de xullo, polo que se establecen obrigas de información respecto das participacións preferentes e outros instrumentos de débeda e de determinadas rendas obtidas por persoas físicas residentes na Unión Europea. Na dita norma establecíase que o intercambio de información se aplicaríase a todas as rendas suxeitas a subministración de información que se pagasen ou aboasen a partir do 1 de xullo de 2005. O Consello Ecofin acordou, en sesión celebrada o día 12 de abril de 2005, que a directiva se aplicaríase a todos os pagamentos de xuros devengados a partir do 1 de xullo de 2005, polo que procede adaptar a norma xa que o precepto en cuestión se refería aos pagamentos efectuados a partir do 1 de xullo, con independencia de que se devengasen ou non a partir desa data.

O desenvolvemento regulamentario do imposto sobre sociedades efectúase en virtude das habilitacións contidas no articulado e a disposición derradeira cuarta do texto refundido da Lei do imposto sobre sociedades, aprobado polo Real decreto legislativo 4/2004, do 5 de marzo.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Economía e Facenda, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 23 de setembro de 2005,

DISPONGO:

Artigo único. *Modificación do Regulamento do imposto sobre sociedades, aprobado polo Real decreto 1777/2004, do 30 de xullo.*

Con efectos para os períodos impositivos que se inician a partir do día 1 de xaneiro de 2005, o Regulamento do imposto sobre sociedades, aprobado polo Real decreto 1777/2004, do 30 de xullo, modifícase nos seguintes termos:

Un. O título do capítulo II do título I queda redactado da seguinte maneira:

«Cobertura do risco de crédito en entidades financeiras»

Dous. O artigo 6 queda redactado da seguinte maneira:

«Artigo 6. *Ámbito de aplicación.*

O previsto neste capítulo será de aplicación ás entidades de crédito obrigadas a formular as súas contas anuais individuais de acordo coas normas establecidas polo Banco de España, así como ás sucursais de entidades de crédito residentes no estranxeiro que operen en España.»

Tres. O artigo 7 queda redactado da seguinte maneira:

«Artigo 7. *Cobertura do risco de crédito.*

1. Serán deducibles as dotacións correspondentes á cobertura do risco de crédito, ata o importe das contías mínimas previstas nas normas establecidas polo Banco de España.

2. Non serán deducibles as dotacións correspondentes a perdas respecto dos créditos que

seguidamente se citan, excepto se son obxecto dun procedemento arbitral ou xudicial que verse sobre a súa existencia ou contía:

- a) Os debidos ou afianzados por entidades de dereito público.
- b) Os garantidos mediante dereitos reais, pactos de reserva de dominio e dereito de retención, cando o obxecto dos citados dereitos reais sexan vivendas terminadas.

Non obstante, serán deducibles as dotacións que se practicasen nos casos de perda ou envilecemento da garantía, así como as practicadas conforme o establecido no número 17.b) do anexo IX da Circular 4/2004, do 22 de decembro, do Banco de España.

c) Os garantidos con depósitos en diñeiro ou contratos de seguro de crédito ou caución.

d) Os que se encontren suxeitos a un pacto ou acordo interno de renovación, entendéndose que tal suxeición se dá cando, con posterioridade á aparición das circunstancias determinantes do risco de crédito, o suxeito pasivo lle conceda crédito ao debedor.

Non se considerará producida a renovación nos seguintes casos:

1.º Concesión de novas facilidades ou renegociación das débedas contraídas polos acreditados, residentes ou non residentes, no caso de procedementos concursais, plans de viabilidade, reconversión ou situacións análogas.

2.º Concesión de facilidades financeiras ao debedor relacionadas exclusivamente co financiamento das súas vendas.

3.º Prórroga ou reinstrumentación simple das operacións, efectuadas co fin de obter unha mellor calidade formal do título xurídico sen obtención de novas garantías eficaces.

e) Os debidos por persoas ou entidades vinculadas de acordo co establecido no artigo 16 do texto refundido da Lei do imposto sobre sociedades, aprobado polo Real decreto legislativo 4/2004, do 5 de marzo, excepto se se achan en situación de concurso, insolvencias xudicialmente declaradas ou noutras circunstancias debidamente acreditadas que evidencien unha reducida posibilidade de cobramento.

f) Os debidos por partidos políticos, sindicatos de traballadores, asociacións empresariais, colexios profesionais e cámaras oficiais, salvo nos casos de procedementos concursais, insolvencias xudicialmente declaradas ou concorrencia doutras circunstancias debidamente xustificadas que evidencien unhas reducidas posibilidades de cobramento.

g) Os denominados subestándar do número 7 do anexo IX da Circular 4/2004, do 22 de decembro, na parte que corresponda a operacións con garantía real ou cuxas dotacións estarían excluídas da dedución por incorrer en nelas algunhas das demais circunstancias descritas nas alíneas a) a f) anteriores, así como os garantidos por outras entidades do mesmo grupo de sociedades no sentido do artigo 42 do Código de comercio.

O importe deducible correspondente ás demais operacións non poderá exceder da cobertura xenérica que correspondería de se ter clasificado como risco normal, por aplicación do parámetro alfa a que se refire o número 29.b) do anexo IX da Circular 4/2004, do 22 de decembro.

Non obstante, resultarán deducibles as dotacións realizadas conforme o número 23.b) do anexo IX da Circular 4/2004, do 22 de decembro.

h) Tratándose da cobertura do denominado risco-país, non serán deducibles as dotacións relativas:

1.º Aos créditos e riscos de sinatura garantidos indirectamente por calquera tipo de operación comercial ou financeira.

2.º A parte do crédito non disposta polo debedor.

3.º Os países incluídos no grupo de países non clasificados, excepto na parte que afecte operacións interbancarias.

3. Non serán deducibles as dotacións baseadas en estimacións globais, incluso estatísticas, do risco de crédito. Non obstante, será deducible o importe da cobertura xenérica, que non corresponda a riscos continxentes, co límite do resultado de aplicar o un por cento sobre a variación positiva global no período impositivo dos instrumentos de débeda clasificados como risco normal a que se refire o número 7.a) do anexo IX da Circular 4/2004, do 22 de decembro, excluídos os instrumentos de débeda sen risco apreciable, os valores negociados en mercados secundarios organizados, créditos cubertos con garantía real e cotas pendentes de vencemento de contratos de arrendamento financeiro sobre bens inmobles. A cobertura xenérica que corresponda a riscos continxentes será deducible na parte que se dotase por aplicación do parámetro alfa a que se refire o número 29.b) do dito anexo IX.»

Catro. A disposición transitoria segunda queda redactada da seguinte maneira:

«Disposición transitoria segunda. *Risco de crédito en entidades financeiras.*

1. A excepción prevista no artigo 7.3 deste regulamento, segundo a redacción vixente ata o 31 de decembro de 2004, unicamente afectará as dotacións correspondentes aos excesos dos saldos dos conceptos a que se refire esta excepción, respecto dos saldos da mesma natureza correspondentes á data de entrada en vigor da Orde do 13 de xullo de 1992, sobre aplicación da provisión para insolvencias ás entidades de crédito sometidas á tutela administrativa do Banco de España, sen prexuízo da integración na base imponible dos saldos do Fondo de Insolvencias que queden liberados por calquera causa, en canto estes saldos procedan de dotacións que tivesen a consideración de fiscalmente deducibles.

2. A excepción prevista no artigo 7.3 deste regulamento, segundo a redacción vixente para os períodos impositivos iniciados a partir do 1 de xaneiro de 2005, unicamente afectará as dotacións correspondentes aos excesos dos saldos dos conceptos a que se refire esta excepción, respecto dos saldos da mesma natureza a partir do 31 de decembro de 2004, sen prexuízo da integración na base imponible dos saldos da cobertura xenérica que queden liberados por calquera causa, en canto estes saldos procedan de dotacións que tivesen a consideración de fiscalmente deducibles.»

Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa.*

Con efectos para os períodos impositivos que se inician a partir do día 1 de xaneiro de 2005, quedan derogados os artigos 8 e 9 do Regulamento do imposto sobre sociedades, aprobado polo Real decreto 1777/2004, do 30 de xullo.

Disposición derradeira primeira. *Modificación do Real decreto 1778/2004, do 30 de xullo, polo que se establecen obrigas de información respecto das participacións preferentes e outros instrumentos de débeda e de determinadas rendas obtidas por persoas físicas residentes na Unión Europea.*

A disposición derradeira única do Real decreto 1778/2004, do 30 de xullo, polo que se establecen obrigas de información respecto das participacións preferentes e outros instrumentos de débeda e de determinadas rendas obtidas por persoas físicas residentes na Unión Europea, queda redactada da seguinte maneira:

«Disposición derradeira única. *Entrada en vigor.*

1. O disposto nos números un, dous e cinco do artigo único entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no "Boletín Oficial del Estado".

2. O disposto nos números tres, catro e seis do artigo único entrará en vigor o día 1 de xullo de 2005 e aplicarase a todas as rendas suxeitas a subministración de información que se paguen ou aboan a partir da dita data, excluindo a parte proporcionalmente devengada con anterioridade.

Mediante orde do ministro de Economía e Facenda poderá modificarse a referida data de entrada en vigor, para acomodalala á eventual nova data que se fixe conforme o disposto polo número 3 do artigo 17 da Directiva 2003/48/CE do Consello, do 3 de xuño de 2003.»

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado» e as modificacións introducidas polo artigo único no Regulamento do imposto sobre sociedades, aprobado polo Real decreto 1777/2004, do 30 de xullo, serán de aplicación aos períodos impositivos que se inicien a partir do 1 de xaneiro de 2005.

Dado en Madrid o 26 de setembro de 2005.

JUAN CARLOS R.

O vicepresidente segundo do Goberno e ministro de Economía e Facenda,

PEDRO SOLBES MIRA

16483 *ORDE EHA/3061/2005, do 3 de outubro, pola que se establecen as condicións e o procedemento para a presentación telemática pola internet das declaracións correspondentes ao modelo 038 e o procedemento para a presentación telemática por teleproceso das declaracións correspondentes ao modelo 180, se regula o lugar, o prazo e a forma de presentación da declaración-resumo anual correspondente ao modelo 392 e se modifican determinadas normas de presentación dos modelos de declaración 180, 193, 345, 347 e 349, e outras normas tributarias. («BOE» 239, do 6-10-2005.)*

A Axencia Tributaria veu prestando nos últimos anos unha especial atención ás posibilidades que ofrecen as novas tecnoloxías para facilitar aos cidadáns o cumprimento voluntario das súas obrigas tributarias. Neste sentido, os logros que se alcanzaron foron notables, especialmente desde a promulgación do Real decreto 263/1996, do 16 de febreiro polo que se regula a utilización de técni-

cas electrónicas, informáticas e telemáticas pola Administración xeral do Estado (Boletín Oficial del Estado do 29), ditado en desenvolvemento do disposto no artigo 45 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común (Boletín Oficial del Estado do 27).

Nesta mesma liña, o artigo 96 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria (Boletín Oficial del Estado do 18), compromete, con carácter xeral a Administración tributaria para que promova a utilización das técnicas e medios electrónicos, informáticos e telemáticos necesarios para o desenvolvemento da súa actividade e o exercicio das súas competencias apuntando que, cando sexa compatible cos medios técnicos de que dispoña, os cidadáns se poderán relacionar con ela para exercer os seus dereitos e cumprir coas súas obrigas a través das devanditas técnicas e medios electrónicos, informáticos e telemáticos coas garantías e requisitos previstos en cada procedemento.

Desde 1999, ano en que comezou a presentación de declaracións tributarias a través da internet, foise incrementando paulatinamente o número de declaracións e declaracións-liquidacións susceptibles de presentación por esa vía, na medida en que o permitiron os recursos técnicos e humanos da Axencia Tributaria.

Con esta orde, que establece nos seus puntos primeiro e segundo as condicións xerais e o procedemento de presentación telemática pola internet da relación de operacións realizadas por entidades inscritas en rexistros públicos, modelo 038, aprobado pola Orde HAC/66/2002, do 15 de xaneiro (Boletín Oficial del Estado do 18), dáse un paso máis para que todas as declaracións tributarias susceptibles de presentación por vía telemática pola internet, poidan utilizar a devandita vía para efectuar a súa presentación.

Así mesmo, co fin de estender a posibilidade de presentar as declaracións tributarias por vía telemática a través de teleproceso, no punto terceiro desta orde establece esta forma de presentación para o modelo 180, de declaración-resumo anual de retencións e ingresos á conta sobre determinadas rendas ou rendementos procedentes do arrendamento ou subarrendamento de inmobles urbanos do imposto sobre a renda das persoas físicas, imposto sobre sociedades e imposto sobre a renda de non-residentes (establecementos permanentes), aprobado por Orde do 20 de novembro de 2000 (Boletín Oficial del Estado do 28).

Por outro lado, a experiencia na aplicación do procedemento de presentación por vía telemática pola internet das declaracións de grandes empresas e a xeneralización desta forma de presentación para estes obrigados, aconsellan estender a presentación obrigatoria por vía telemática pola internet á declaración-resumo anual do imposto sobre o valor engadido das grandes empresas, modelo 392, aprobado pola Orde do 26 de novembro de 1999 pola que se aproban os modelos 390 e 392 de declaración-resumo anual do imposto sobre o valor engadido en euros (Boletín Oficial del Estado do 30). Con esta finalidade e facendo uso, entre outras, da habilitación contida no punto 6 do artigo 71 do Regulamento do imposto sobre o valor engadido, aprobado polo artigo 1 do Real decreto 1624/1992, do 29 de decembro (Boletín Oficial del Estado do 31), no punto cuarto desta orde establécese a presentación obrigatoria por vía telemática a través da internet da declaración-resumo anual do imposto sobre o valor engadido, modelo 392.

Igualmente, a evolución da tecnoloxía asociada á internet vén pondo de manifesto a crecente utilización desta vía nas relacións entre os contribuíntes e a Axencia Tributaria fronte á utilización doutros medios como son os soportes directamente lexibles por ordenador. Ademais, a experiencia xestora no tratamento dos citados soportes utilizados para a presentación de determinadas